

INTERVENCIÓNS NA ILLA DE ONS: AS FACTORÍAS ROMANAS DE CANEXOL (2021-2024)

PATRICIA VALLE ABAD

Resumen

No outono do ano 2021 comezaron as intervencións no entorno da Praia de Canexol, lugar onde se tiñan documentado restos de estruturas pertencentes a unha factoría de salga de época romana. Visibles no cantil da praia, os muros, pavimentos e materiais arqueolóxicos estaban sendo destruídos pola acción marítima e humana, polo que se decidiu, en colaboración co Parque Nacional Illas Atlánticas, realizar unha serie de accións que permitiran recuperalos e documentalos na medida do posible. A escavación de dúas sondaxes durante os anos 2021 e 2022, xunto coa limpeza da vexetación do cantil, levounos a confirmar a existencia de restos conservados e a recoller materiais arqueolóxicos e mostras para datar o xacemento e caracterizar as salsas de peixe que alí se producían. Determinouse a existencia de, polo menos, dúas fábricas de salga, identificando zonas de acceso, patios, tanques para a salga e outra para a produción de tinguiduras. A prospección xeofísica realizada en colaboración coa empresa SOT indicou que posiblemente existen máis restos que se estenden cara o sur baixo o camiño da praia correspondentes a estas dúas fábricas e incluso algunha máis. Os materiais apuntan a que a fábrica estará en funcionamento dende época altoimperial ao século IV. **Palabras chave:** Antigüidade; salga; arqueoloxía; xeofísica

Summary

In the autumn of 2021, archaeological interventions began at Praia de Canexol, where remains of structures from a Roman fish-salting factory had been previously documented. The walls, pavements, and archaeological materials on the cliff were being eroded by both marine and human activities. Consequently, in collaboration with the Parque Nacional Illas Atlánticas, a series of actions were initiated to recover and document these remains. Excavations of two test pits during 2021 and 2022, along with the removal of vegetation, confirmed the presence of preserved remains and facilitated the collection of samples. It was established that at least two salting factories existed, with identified features such as access areas, patios, salting tanks, and a tank for dye production. Geophysical prospecting, conducted in partnership with the company SOT, revealed additional remains extending south under the beach path, likely linked to these two factories and possibly others. The material culture indicates that the factory operated from the 1st to the 4th century.

Keywords: Antiquity; fish-salting; archaeology; geophysics

1. Introducción

Como parte do proxecto Galtfish, en 2021, comezaron os traballos de escavación na Praia de Canexol, na illa de Ons. No marco deste proxecto xa se tiñan escavado outras factorías de salga romanas na costa galega¹. Coñecíase previamente a existencia de restos arqueolóxicos e, máis concretamente, tanques de salga para a fabricación de salsas de peixe, no cantil desa praia, aínda que ata aquel momento non se iniciara unha investigación en profundidade. As labores

¹ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ ET AL. 2021; 2022A

arqueolóxicas levadas a cabo pola Universidade de Vigo permitiron datalo e caracterizalo, na medida na que foi posible, xa que presenta grandes problemas de conservación. O factor humano, combinado coa acción natural do mar e o clima, acelera a degradación das estruturas e restos da factoría. Actualmente estase facendo un seguimento deste proceso².

2. Os traballos arqueolóxicos

O xacemento de Canexol atópase na praia do mesmo nome, no lado leste da illa de Ons (Bueu, Pontevedra) (Fig. 1). Era un xacemento xa catalogado (GA36004028) e redescuberto como parte da apertura de accesos para limpar as praias durante a catástrofe do Prestige. Ata o ano 2021 non fóra intervindo, pero non existía dúbida de que se trataba dunha factoría de salga, dada a existencia de dous tanques pendurados no cantil da praia. O sitio foi publicado parcialmente³ e recopilado posteriormente no catálogo da rede RAMPPA, de patrimonio arqueolóxico relacionado coa pesca en época romana, na que xa se indicaba que a extensión dos restos suxería a presenza de dúas fábricas. As visitas para realizar estas publicacións permitiran recuperar o primeiro material arqueolóxico.

Esta primeira campaña enmarcouse dentro do proxecto Marie Slodowska Curie *Galfish: Salt and fish salting in Ancient Gallaecia. Looking for the origins of the Galician canned fish industry*. Como parte del, escaváronse as factorías de praia do Naso (Illa de Arousa), Sobreira (Vigo), Adro Vello (O Grove) e praia dos Bois (Sálvora). Son intervencións cun obxectivo común: documentar as estruturas (tanques de salga, especialmente) para as que, en moitos casos, só se contaba con breves descrições e debuxos ou planimetrías antigas, así como recoller posibles restos que aporten información sobre a industria de salga romana (como contedores/ánforas, restos de ictiofauna que puideran quedar nos tanques ou os morteiros que os revestían). Algunhas delas xa

² Véxase neste mesmo número o artigo de P. Valle Abad et al. sobre o proxecto Sentinela.

³ BALLESTEROS ARIAS, P. (2009)

se tiñan recollido nalgúñas publicacións⁴ pero, por primeira vez, había un programa de investigación arqueolóxica exhaustiva.



Fig. 1: Localización da zona de intervención

A principal tarefa dos membros do GEAAT da Universidade de Vigo consistiu na limpeza do cantil da praia. A retirada da vexetación e o avivado do perfil térreo deixou á vista varias estruturas. Dous tanques xa eran visibles, pero recuperáronse novos muros, pavimentos e unha rampla, cunha extensión duns 100 m lineais aproximadamente (Fig. 2).

⁴ FILGUEIRA VALVERDE, J. E GARCÍA ALÉN, A. (1953); LOMBA PORTELA, A. M. (1987); NAVEIRO LÓPEZ, J. (1991); SUÁREZ PIÑEIRO, A. (2003)



Fig. 2: Localización dos restos da factoría no cantil da praia de Canexol.

Unha vez limpos, dividíronse os restos en dous conxuntos que coresponderían con dúas fábricas ou unidades produtivas: a unidade 1 ao norte e a unidade 2 ao sur (Fig. 3).




Fig. 3: Planimetría xeral das estruturas do cantil.

Na Unidade 1, se observamos o perfil da praia, o primeiro que vemos é un pavimento de cuarzo que se correspondería co patio desta factoría de salga, que se estendería cara a praia e estaría

actualmente perdido. Non se conserva de maneira continuada e hai sectores nos que está perdido. O pavimento chega a un muro con dirección norte-sur (Fig. 4), cun derrube pétreo no seu interior que identificamos como o muro divisor dun posible pío. Ao seu carón hai un tanque de pequenas dimensións, recuberto dun grosa morteiro de cal e cuarzo sobre unha base de cachotes de granito que sirven de base apoio e de nivelación (Fig. 5). No exterior deste pío, quizais relacionado con el, existe un cuncheiro exclusivamente do muricido *stramonita haemastoma* (Fig. 6).



Fig. 4: Vista do muro da unidade 1



Fig. 5: Detalle do tanque da unidade 1



Fig. 6: Restos do cuncheiro de murícidos da Unidade 1

Recorrendo o perfil cara o sur atopamos a rampla que relacionamos co acceso á unidade 2. Un nivel de circulación térreo corresponderíase co chan exterior da mesma. Seguidamente aparece o alzado do muro máis ao norte, que se corresponde coa porta de entrada ao edificio, e a súa cimentación. Dende este muro comeza o pavimento de cuarzo do patio da fábrica, que conserva os niveis de terras negras de abandono por riba. Na liña destas estruturas, cara o interior do cantil, estaría localizado o tanque da sondaxe 2, que se explica de xeito pormenorizado máis abaixo.



Fig. 7: Detalle do pavimento de cuarzo da unidade 2.

O pavimento esténdese ata o muro dun tanque de salga, ao que se suma outro anexo a este. Para o primeiro, hai un muro de peche polo leste, cun derrube pétreo no interior. O segundo está cortado pola metade, polo que se pode apreciar perfectamente a súa estrutura interna. Consérvanse os muros norte e sur e o grosso pavimento de morteiro de cuarzo asentado sobre un basamento de cachotes de granito. No interior, hai un derrube de pedra e material latericio que contiña gran cantidade de restos de fauna e cunchas, sen ter atopado aquí restos ictiolóxicos.



Fig. 8: Tanque da unidade 2.

Todo o cantil foi documentado mediante un levantamento 3D que permitiu rexistrar as estruturas e unidades estratigráficas das dúas unidades de produción. Ademais constituíu un dos primeiros pasos para o seguimento do estado de conservación dun xacemento moi afectado pola erosión e por accións antrópicas. Isto, que tamén se estaba levando a cabo na factoría de Sobreira (Vigo)⁵ daría lugar máis adiante ao “proxecto Sentinela”.

Xunto coa limpeza do cantil, fixéronse dúas sondaxes na zona superior, afastadas da fronte para non afectar a súa estabilidade (Fig. 9). Na sondaxe 1 localizouse nunha finca tras o camiño costeiro. Marcouse un cadro de 3x3 metros, buscando recuperar estruturas da unidade 2. Unha vez retirada a capa vexetal e os niveis de terra relacionados coas labores de labranza, apareceron derrubes pétreos e capas relacionadas co abandono do sitio, nas que se recolleu material arqueolóxico. A escavación permitiu documentar un muro en dirección norte-sur, de factura irregular e asentado sobre terra, así como un nivel de uso térreo asociado a este muro (Fig. 10). Non sabemos como se interpretaría atendendo ás factorías, ao non poder establecer unha

⁵ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. *et al.*, (2022b)

relación directa coas estruturas do cantil pero os materiais recollidos sitúanos nun momento previo á construción das cetarias.



Fig. 9: Localización das sondaxes

O material asociado é unha mestura de cerámicas comúns de tradición indíxena da Idade do Ferro (como as vaixelas tipo Vigo e tipo Cíes) e as ánforas béticas e itálicas que nos levan a datar o momento de ocupación do cambio de Era. Nos niveis superiores de revolto hai tamén outros materiais de mediados e finais do século I d.C., como a *terra sigllata* hispánica.



Fig. 10: Estrutura documentada na sondaxe 1

A sondaxe 2 (Fig. 9) colocouse no límite entre o cantil e o camiño, na zona máis ancha para garantir a seguridade do traballo e a interpretación das estruturas localizadas na liña coas do cantil. Nesta sondaxe, que foi escavada en dous momentos (primavera e outono do 2021) atopouse un dos tanques de salga (Fig. 11), que habería que sumar aos xa coñecidos para a unidade 2. A estratigrafía é similar á da sondaxe 1, con capas superficiais moi orgánicas polo traballo de cultivo. Na campaña de primavera localizáronse dous muros do tanque de salga: parte do muro norte (con dirección leste-oeste) e parte do muro leste (con dirección norte-sur). Son muros de pedra de granito irregulares, coa mesma factura que os do cantil. Naquel momento, por falta de tempo, non se chegou ao fondo do tanque, aínda que se esperaba que estivese recuberto de morteiro de cuarzo, como os xa coñecidos situados no cantil.

Os materiais recollidos nesta sondaxe dataron a construción aos séculos I e II d.C., con ánforas béticas, varias producións de vaixelas finas (vernices negros, *terra sigillata* sudgálica, hispánica e bracarense), así como cerámicas comúns locais/rexionais e importadas.

Esta sondaxe foi ampliada nunha segunda intervención en outono, aproximadamente 1'5 m cara o leste. O proceso de escavación foi moi similar, retirando os primeiros estratos relacionados co cultivo e os derrubes pétreos e capas de abandono da factoría. Nesta ocasión, púidose chegar a un derrubo de tégulas, e baixo este, un nivel de abandono con moitos ósos de animais e cerámicas fragmentadas *in situ*. O fondo estaba conformado polo propio substrato natural cortado e nivelado conformando un solo térreo. Non foi posible agrandar a sondaxe para localizar o muro sur pola inestabilidade do cantil. A gran novidade foi que puidemos constatar que este pío non estivo revestido de ningún tipo de morteiro hidráulico nin nas paredes nin no fondo o que parece indicar que non tivo unha función de pío para producir prebes de peixe, como no caso dos dous píos coñecidos desta unidade de produción.



Fig. 11: Pío identificado na sondaxe 2 tras a intervención

A cultura material recuperada era unha mestura de materiais alto e baixo imperial, procedentes dos derrubes e capas de terra que encheron a estrutura unha vez que quedou en desuso. Combínanse as ánforas altoimperiais (como Haltern 70 béticas) e tardías (ánforas San Martiño

de Bueu II), vaixelas finas e unha moeda do século IV, que parece indicarnos unha data próxima ó momento de abandono.

Entre o conxunto material recollido destaca unha gran cantidade de fauna, que está sendo estudada na Universidade de León polo profesor Carlos Fernández Rodríguez e o seu equipo. Por un lado, habería restos posiblemente relacionados coa produción de salsas e a pesca, como ictio e malacofauna. Por outro, os tanques empregáronse, unha vez que a fábrica xa non estaba en funcionamento, como depósito de animais non consumidos, xa que carecen de marcas que indiquen que foron procesados. Identifícanse polo momento tenreiros, porcinos e ovicápridos, xunto con un carnívoro (gato ou can).

O derradeiro dos traballos arqueolóxicos feitos en Canexol foi a prospección con xeorradar levada a cabo pola empresa SOT. As dificultades que presenta a escavación levounos a optar por este método para recompilar toda a información posible sobre as estruturas que puidesen quedar conservadas baixo o cantil. Determinouse a existencia de restos baixo o actual conxunto dende aproximadamente 1 m de profundidade. Ademais de estruturas que poderían corresponder coas dúas fábricas xa coñecidas, os resultados suxiren a presenza de máis estruturas ao norte e o sur, que poderían corresponderse con novos complexos produtivos.

3. As factorías da praia de Canexol

Como dixemos, os traballos que acabamos de explicar permitiron recuperar estruturas asociadas a dúas fábricas de salga, separadas uns 25 m segundo os datos da limpeza do cantil. A degradación do xacemento dificulta enormemente a súa reconstrución, xa que parte das estruturas estenderíanse cara o mar e están actualmente perdidas.

Os datos para a unidade 1 son pouco claros. Sabemos que conta cun patio, e propoñemos que os dous tanques do perfil estivesen situados no lado sur do mesmo (Fig. 12). A prospección xeofísica apunta á existencia de máis tanques (entre 3 e 6) polo oeste deste patio. Non sabemos se, como na seguinte, estaríamos ante unha planta rectangular en L ou en U co patio no centro

ou unha planta doutro tipo. O aliñamento dos tanques ó oeste do patio deixa aberta a posibilidade de que tivese en fronte outra batería de píos, hoxe perdidos. Nesta factoría non só se producirían salgas de peixe, senón que a presenza do cuncheiro de murícidos, indica que se procesaban para obter tinguiduras⁶. Das glándulas extraídas e machucadas destes animais obtíñase a cor púrpura, moi apreciada para as vestimentas das clases altas na sociedade romana, sendo a primeira atestación desta produción no noroeste peninsular asociada sen dúbida a unha fábrica de produtos piscícolas.

Para determinar a estrutura da unidade 2 contamos con máis información. Habería un patio central alongado arredor do cal se disporían os tanques. Propoñemos a existencia de 6 tanques en cada lado da fábrica, coa posibilidade de que houbose outro pechando o lado sur do edificio. Pero tamén existe a posibilidade de que contase cunha planta en L, sen tanques en fronte ós conservados e só 2 ou 3 na fachada sur. A entrada, como xa dixemos, faríase dende o lado norte, coa presenza dunha rampla que permitiría o acceso dende a praia. Nesta unidade 2 destaca a presenza do espazo documentado na sondaxe 2, no que sería a esquina noroeste da factoría. Aínda que se esperaba que fose un tanque de salga, a falta de revoco con morteiro de cal e cuarzo e por tanto non estar impermeabilizado, como nos tanques do cantil, suxire que sería un espazo destinado a outro uso. Os abundantes restos animais e cerámicos baixo os derrubes pétreos e de material latericio indicarían que podería ser un almacén ou espazo para gardar materias primas empregadas na fábrica como o sal.

⁶ ALFARO GINER, C. e TÉBAR MEGÍAS, E. (2004); FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. *et al.* (2014)



Fig. 12: Proposta de reconstrución das plantas das factorías.

Os muros da factoría presentan características semellantes na súa factura. Cunha anchura aproximada de 55/57 cm, están conformados con cachotes de pequeno e mediano tamaño, irregulares pero coa cara exterior traballada. É frecuente atopar cantos rodados formando parte dos mesmos. Os recubrimentos dos tanques están feitos con morteiro de cuarzo e cal de aspecto semellante ao *opus signinum* aínda que carente dos anacos de cerámica machacada que lle confiren a súa característica cor avermellada ou rosácea. Os tanques asentan sobre unha base de pedras irregulares de maior tamaño. O pavimento do patio está feito con cuarzo e igualmente asenta sobre unha base de pedras. Nalgunhas zonas, como baixo o pavimento do patio, pódense observar os recheos térreos que se empregaron para preparar a zona e levantar os edificios pero en xeral todo este complexo asenta directamente sobre o substrato natural que se escava para a construción dos tanques de salga, situados a una cota moito máis baixa (entre 1 e 1,5 m.) que o nivel de circulación dos patios.

A rampla de acceso á unidade está construída con grandes lousas de granito, planas, ás que se engadiron outras de menor tamaño. Así, vaise conformando a pendente que permitiría subir a pesca dende a praia á porta da fábrica. Pola dirección parece que dá acceso á unidade 2, pero é

posible que dera servizo a ambas factorías. Débese ter presente que o nivel da auga estaría moito máis baixo que na actualidade, o que explica a cota elevada na que se atopan os restos na actualidade.

Por último, sinalar que baixo o patio da Unidade 2 documentouse parte dun muro de pobre factura con dirección NO-SL que parece corresponderse cunha ocupación previa ás fábricas da zona de praia. Este muro garda semellanzas (cota, factura...etc.) co documentado na sondaxe 1 datado no cambio de era. É posible, polo tanto que nesta zona existise a finais do séc. I a. C. un asentamento de difícil definición pero claramente ligado a ocupación prerromana situada no castro do Castelo dos Mouros. Podería tratarse de estruturas de apoio (pendellos?) para a levar a cabo de tarefas relacionadas coa explotación dos recursos mariños, o que explicaría a pouca entidade dos restos estruturais. Porén, non deixa de ser unha novidade documentar este tipo de estruturas e desta cronoloxía nun entorno costeiro – ao pé da praia – e polo tanto fora do recinto castrexo.

4. Outros traballos arqueolóxicos na Illa de Ons

A intervención en Canexol deu inicio a unha serie de traballos arqueolóxicos en Ons e no Parque Natural Illas Atlánticas de diversa índole levados a cabo por un equipo de arqueólogos da UVigo. Catalogouse e visitouse todo o patrimonio arqueolóxico da illa, facendo un novo rexistro e unha diagnose do seu estado de conservación. Para isto, cubriuse unha ficha específica por cada un dos xacementos arqueolóxicos e bens históricos da illa (uns 21, en total). Así, comprobouse a existencia dun dos petróglifos de Chan da Pólvora dos dous documentados na zona, o castro do Castelo dos Mouros, a propia factoría de Canexol, o sartego da Laxe do Crego e as dúas baterías modernas de defensa de A Roda e Pereiró, entre outros.

Algúns destes foron escavados directamente polo mesmo equipo. O exemplo paradigmático é o Castelo dos Mouros (Fig. 13), que ten sido obxecto de tres campañas de escavación ata o momento. Sacouse á luz un barrio habitacional con dúas fases ou momentos de ocupación, un

na Idade do Ferro (séculos IV a I a.C.) con estruturas redondeadas, e outro na época romana (séculos I a IV d.C.), cando se constrúen novas vivendas, un asentamento claramente ligado ás fábricas situadas a escasos metros fronte a praia de Canexol e que parece funcionar como a zona habitacional das persoas que traballan no complexo produtivo de salgas. Ademais hai unha gran muralla construída a base de tres lenzos de muro que pechan o espazo. A continuación das labores no sitio permitirá continuar avanzando no noso coñecemento sobre o Castelo.



Fig. 13: Castelo dos Mouros tras a campaña de 2024.

Igualmente, descartouse a existencia de restos arqueolóxicos na Coba do Lobo, ao norte da illa, onde se pensaba que podía haber un castro⁷. Foron realizadas 8 sondaxes na zona, sen que ningunha delas aportara materiais nin estruturas arqueolóxicas.

Paralelamente, fíxose unha forte aposta pola divulgación do patrimonio arqueolóxico, sumando un novo valor para os miles de visitantes da illa. Acondicionouse unha Sala de Arqueoloxía no Centro de Visitantes, que incorpora materiais e información da factoría de salga de Canexol, o Castelo dos Mouros e a Laxe do Crego. Tamén se puxo en marcha unha ruta polos xacementos.

⁷ CASAS, Á. DE LAS Y LORENZO, X. (1934)

Recibiu o nome de “Vía dos Múrices” (Fig. 14), precisamente polo achado de Canexol. A ruta recorre toda a illa, con paneis arqueolóxicos explicativos nas paradas preestablecidas para cada xacemento.




Fig. 14: Panel principal da Vía dos Múrices

5. Consideracións finais

Os traballos arqueolóxicos na praia de Canexol permitiron identificar un polo produtivo salazoneiro no que se concentrarían polo menos dúas factorías de salga – se cadra tres – de peixe de época romana. Ademais das salsas, documentouse a produción de tinguiduras a partir de murícidos *stramonita haemastoma*, o que significa a primeira atestación da produción de púrpura de todo o noroeste peninsular. Poríase en marcha no século I e continuaría en funcionamento ata algún momento do século IV. Os resultados obtidos permitiron aumentar o coñecemento sobre a industria de salga romana na costa noroeste da península ibérica, na que se disporían numerosas factorías deste tipo. En conxunto seguen o patrón das fábricas instaladas nas Rías Baixas, situadas en enseadas aptas para a actividade, onde se puideran aproveitar recursos

mariños. Porén, a presenza en Canexol de dúas ou incluso tres fábricas sitúan o xacemento un chanzo por riba doutros coñecidos na costa galega, caracterizados pola presenza dunha soa fábrica, como nos casos entre outros de Sobreira, Cocho, Fiunchal, Igrexiña-Nerga, Alobre, A illa de Arousa, Punta dos Prados ou praia de Area. Canexol pode considerarse como un complexo produtivo salazoneiro a media escala como o puideron ser naquel entón a zona da actual Alameda de Vigo – polo menos con tres fábricas – , A Pescadoira en Bueu – con outras dúas ou tres fábricas – ou Aldea de Bares onde parece que se instalaron ata 3 unidades de procesado de peixe⁸. A presenza dunha *figlina* de ánforas en Bueu facilitaría os contedores onde transportar e comercializar as salsas de peixe producidas en Canexol e noutros complexos industriais das Rías Baixas⁹. Tense proposto que a fin desta esplendorosa industria de salga entre finais do século III e durante o século IV estea relacionada coa fin da produción de sal nas salinas de evaporación solar na segunda metade do século III¹⁰. O desabastecemento desta materia prima fundamental puido marcar a fin das factorías de preparación de produtos piscícolas, incapaces de abastecerse. Porén, algunhas continúan funcionando máis aló desta data, polo menos ata finais do séc. IV ou os inicios do séc. V, momento no que a produción decae por completo nesta zona xeográfica coincidindo coa expansión xermánica, que parece abrir un período de inestabilidade e inseguridade nas transaccións comerciais¹¹.

Unha vez confirmada a existencia destes restos, o gran reto para o futuro é combinar a investigación, coa divulgación e a conservación do xacemento. Como quedou demostrado no marco do proxecto Sentinela, a perda do xacemento é lenta pero inexorable. O equipo de arqueólogos e restauradores da UVigo, de acordo coa dirección do Parque Natural Illas Atlánticas, tomou a decisión de non continuar as escavacións na praia de Canexol para protexer os restos na medida do posible e garantir a estabilidade do cantil e do camiño que vai por riba

⁸ Para consultar estes datos polo miúdo: <http://ramppa.uca.es>

⁹ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. (2017); FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. e MORAIS, R. (2017).

¹⁰ IGLESIAS DARRIBA, M. J. *et al.* (2017); CASTRO CARRERA *et al.* (2019)

¹¹ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. (2014)

del, unha vía fundamental para a comunicación entre o barrio do Cuco e o de Pereiró. As estruturas documentadas nas sondaxes tapáronse para protexelas e por seguridade, dado que acabaron por ser moi profundas e estar nun lugar moi transitado. Con todo, a continuación do seguimento da degradación do cantil vai ser clave para recuperar información sobre un xacemento fundamental para caracterizar a industria de salgaduras romana no noroeste.

BIBLIOGRAFÍA

- Alfaro Giner, C. e Tébar Megía, E. (2004): “Aspectos históricos, económicos y técnicos dela producción de púrpura en la Ibiza romana”, en Alfaro, C., Wild, J.P. e Costa, B. (eds.): *Purpureae Vestes. I Symposium Internacional sobre textiles y tintes del Mediterráneo en época romana*, Valencia, Universitat de València: 195-210.
- Ballesteros Arias, P. (2009): “O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de Canexol (Illa de Ons, Bueu)”, *Cuadernos de estudios gallegos*, 56 (122): 67-90.
- Casas, Á. de las y Lorenzo, X. (1934): “Notas do meu diario arqueolóxico”, *Nós*, Ano XVI, T. VI (124-125): 74-88.
- Castro Carrera, J. C., Prieto Robles, S., Sartal Lorenzo, M., Acuña Piñeiro, A., Iglesias Darriba, M. J., Rodríguez Sáinz, E., Tallón Armada, R. E Fernández Fernández, A. (2019): “La salina romana de evaporación solar de O Areal-Vigo (Galicia, España). Un ejemplo de arquitectura “efímera” conservada”, en A. Morillo Cerdán, M. Heinrich Hermanns e J. Salido Domínguez (eds): *Arqueología Efímera Productos y materiales perecederos en el registro arqueológico de época romana*, Alemania, Nünnerish-Asmus Verlag & Media: 127-142
- Fernández Fernández, A. (2014): *El comercio tardoantiguo (ss. IV-VII) en el Noroeste peninsular a través del registro cerámico de la ría de Vigo*, Roman and Late Antique Mediterranean Pottery 5, Archaeopress.
- Fernández Fernández, A. (2017): *El mundo antiguo en el Museo Massó: el centro alfarero romano de Bueu*, Santiago de Compostela, Museo Massó / Xunta de Galicia.
- Fernández Fernández, A. e Morais, R. (2017): “Las ánforas tardoantiguas de San Martiño de Bueu (Montero Ríos 7). El primer centro de producción de ánforas del noroeste de

- Hispania”, en D. Dixneuf (ed.): *LRCW 5. Late Roman coarse wares, cooking wares and amphorae in the Mediterranean. Archaeology and Archaeometry vol. 1*, Centre d’Études Alexandrines, Alexandrie: 107–119. Fernández Fernández, A., Rodríguez Nóvoa, A.A., Valle Abad, P. e Ruanova Álvarez, N. (2021): “La factoría de salazón romana de Praia do Naso (Illa de Arousa, Pontevedra)”, *Minius*, 26: 137-161.
- Fernández Fernández, A., Ruanova Álvarez, N., Méndez Otero, R. e García Cabo, M. (2022a): “Nuevos datos sobre la ocupación antigua en la isla de Sálvora (Ribeira): Resultados de la intervención arqueológica en el yacimiento romano del Areal dos Bois”, *Minius*, 27: 11-31.
- Fernández Fernández, A., Valle Abad, P. y Rodríguez Nóvoa, A.A. (2022b): “3D photogrammetry as a tool for studying erosive processes at a Roman coastal site: the case of the Roman fish-salting plant at Sobreira (Vigo, Spain)”, *Archaeological and Anthropological Sciences*, 14 (32): 32-53 <https://doi.org/10.1007/s12520-022-01508-3>
- Fernández Rodríguez, C., Bejega García, V., Gómez de Agüero, E. e Fuertes Prieto, M. N. (2014): “Púrpuras del Finisterre: el registro de murícidos en época romana en el noroeste peninsular”, en J. J. Cantillo, D. Bernal y J. Ramos (eds): *Moluscos y púrpura en contextos arqueológicos atlántico-mediterráneos: nuevos datos y reflexiones e clave de proceso histórico : actas de la III reunión científica de arqueomalacología de la Península Ibérica*, Cádiz, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz, 319-328.
- Filgueira Valverde, J. e García Alén, A. (1953): *Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*, Pontevedra, El Museo de Pontevedra.
- Iglesias Darriba, M. J., Acuña Piñeiro, A., Castro Carrera, J. C., Prieto Robles, S., Sartal Lorenzo, M. A., Rodríguez Sáinz, E. e Fernández Fernández, A. (2017): “Estudio preliminar de la salina romana de evaporación solar de O Areal-Vigo (Galicia, España)”, en R.

González Villaescusa, K. Schörle, F. Gayet e F. Rechin (eds.): *L'exploitation des ressources maritimes de l'Antiquité. Activités productives et organisation des territoires*, Antibes, Association pour la Promotion et la Diffusion des Connaissances Archéologiques: 213–234

Lomba Portela, A. M. (1987): “Contribución al estudio de la industria de salazón de época romana en el Noroeste peninsular”, *Lucerna* (Ser. II), 2: 165–176.

Naveiro López, J. L. (1991): *El comercio antiguo en el Noroeste Peninsular. Monografías urgentes do museo* (Vol. 5), A Coruña, Museo Arqueolóxico e Histórico Provincial de A Coruña.

Suárez Piñeiro, A. M. (2003): “La explotación del mar en la Galicia romana: el ejemplo de las instalaciones de salazón”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 50 (116): 9–25.